



A condicionalidade na Política Agraria Común (PAC)

Analizamos as medidas de obrigado cumprimento que impón esta normativa para que non se reduzan os importes de determinadas axudas comunitarias do sector agrario e que teñen relación co medio ambiente, as boas condicións agrícolas da terra, a saúde pública, a sanidade vexetal, e a sanidade e o benestar animal.

Servizos de Sanidade Vexetal e de Sanidade Animal,
Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia

A condicionalidade aplícase-lles aos beneficiarios que reciban pagos directos en virtude do Regulamento (UE) n.º 1307/2013, aos beneficiarios que reciban as primas anuais en virtude dos artigos 21 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER),

aos beneficiarios que reciban pagos en virtude dos artigos 46 e 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, e a aqueles beneficiarios das oito medidas de desenvolvemento rural do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do período anterior (2007-2013), así como aos que reciben o primeiro pago da prima ao arranque ou a reestruturación e reconversión do viñedo, segundo o disposto no

Regulamento (CE) n.º 1234/2007, nos anos 2013 ou 2014. Quedan exentos do seu sistema de control e da aplicación de penalizacións da aplicación da condicionalidade aqueles agricultores que participan no réxime a favor dos pequenos agricultores.

OBRIGAS QUE DEBEN RESPECTAR O AGRICULTOR OU O GANDEIRO PARA ASEGURAR O CUMPRIMENTO DA CONDICIONALIDADE

Cada agricultor ou gandeiro deberá respectar unha serie de obrigas (requisitos e normas), en función do tipo de explotación de que se trate, relativas aos seguintes ámbitos:

- a) medio ambiente, cambio climático e boa condición agrícola da terra
- b) saúde pública, sanidade animal e fitosanidade
- c) benestar animal

Explotacións agrícolas

1. Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas, consideradas a partir da ribeira, non se aplicarán fertilizantes nunha franxa cuxa an-

chura será a recollida no Código de Boas Prácticas Agrarias ou noutra normativa que respecto diso dispoña a comunidade autónoma, e nas devanditas franxas non haberá produción agrícola, excepto os cultivos leñosos que xa estean implantados. Respetarase, no seu caso, o resto dos requisitos relativos ás condicións de aplicación de fertilizantes a terras próximas a cursos de auga establecidos no Código de Boas Prácticas Agrarias ou outra normativa que respecto diso dispoña a comunidade autónoma.

2. Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas, consideradas a partir da ribeira, non se aplicarán produtos fitosanitarios nunha franxa de 5 m de ancho sen prexuízo dunha limitación maior recollida na etiqueta dos devanditos produtos.
3. Está prohibido a vertedura de forma directa sobre o terreo



Este sistema de aplicación de xurros xa non está permitido pola condicionalidade da PAC

para evitar a filtración a través do chan de substancias perigosas, tales como fertilizantes, herbicidas etc., e a vertedura de forma directa ou indirecta de substancias como refrixerantes, disolventes, praguicidas, fitosanitarios, baterías, hidrocarburos, aceites de motor etc.

4. Non se queimarán restollos en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente; nese

▶ A APLICACIÓN DE XURRO NAS SUPERFICIES AGRÍCOLAS NON PODERÁ REALIZARSE MEDIANTE SISTEMAS DE PRATO OU ABANICO NIN CANÓNS

caso estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios e, en particular, as relativas á anchura mínima dunha franxa perimetral cando os terreos coliden con terreos forestais.

5. A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abanico nin canóns. Segundo a Orde do 26 de febreiro de 2018 pola que se establecen excepcións ás normas de condicionalidade de aplicación de xurros e esterco da Orde do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ▶▶



FROM 2 GAMMA THE INVENTOR OF OXYGEN BARRIER SILAGE FILM

Distribuido exclusivamente por:

AGUSTÌ PLA NESPLE Tona (Bcn)

Mobil: +34 609 729711

Mail: agustipla@hotmail.com

La Pelicula de plástico para ensilaje con Barrera de Oxígeno EVOH

- ✓ Barrera de Oxígeno EVOH.
- ✓ Anchura: desde 4 a 56 mt. Longitud: hasta 600 mt.
- ✓ Adecuado para todas las necesidades

SealPlus Underlay Beige 45µ	SealPlus Beige/Black Film 80µ	SealPlus Black/White Film 150µ	SealPlus Wall Film 110µ	SealPlus Stretch Gold 25µ
-----------------------------------	-------------------------------------	--------------------------------------	-------------------------------	---------------------------------







Objetivo de SealPlus es proteger su silo, bloqueando la transpiración de oxígeno, que es la principal causa del deterioro del ensilado.



SealPlus - 2 Gamma Srl:

Corso Inghilterra 15, Mondovì, CN - Tel. +39 0174 597679 - www.sealplus.com - info@sealplus.com

► A PENALIZACIÓN POR CONDICIONALIDADE CONSISTE NUNHA REDUCCIÓN OU EXCLUSIÓN DAS AXUDAS

ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, Galicia conta cunha excepción para este uso dada as súas particularidades en canto ás condicións orográficas, climáticas e socioeconómicas.

6. Os estercos sólidos deberán enterrarse despois da súa aplicación no menor prazo de tempo posible. Con todo, poderanse exceptuar desta obriga os tipos de cultivo mediante sementeira directa ou mínimo laboreo, os pastos e cultivos permanentes, e cando a achega do esterco sólido sexa en cobertura co cultivo xa instalado.
7. Non se depositarán, máis aló do bo uso necesario, ou abandonarán na explotación envases, plásticos, cordas, aceite ou gasoil da maquinaria, utensilios agrícolas en mal estado ou outros produtos biodegradables ou non biodegradables.
8. Non se alterarán as particularidades topográficas ou elementos da paisaxe seguintes, salvo no caso de contar con autorización expresa da autoridade competente:
 - sebes dunha anchura de ata 10 m
 - árbores illadas e en ringleira
 - árbores en grupos que ocupen unha superficie máxima de 0,3 ha
 - lindes dunha anchura de ata 10 m
 - charcas, lagoas, estanques e bebedoiros naturais de ata un máximo de 0,1 ha non se considerarán os depósitos de cemento ou de plástico
 - illas e enclaves de vexetación natural ou roca: ata un máximo de 0,1 ha
 - terrazas dunha anchura, en proxección horizontal, de ata 10 m
 - cando a comunidade autónoma así o determine, pequenas construcións tales como muretes de pedra seca, antigos pombais ou outros elementos de arquitectura tradicional que poidan servir de acubillo para a flora e a fauna
9. Respetarase a prohibición de cortar tanto sebes como árbores,



Só se utilizarán produtos fitosanitarios autorizados (inscritos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAPA)

durante a tempada de cría e reprodución das aves (meses de marzo a xullo), salvo autorización expresa da autoridade ambiental.

10. Só se utilizarán produtos fitosanitarios autorizados (inscritos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAPA).
11. Utilizaranse axeitadamente os produtos fitosanitarios, é dicir, de acordo coas indicacións da etiqueta (almacenamento seguro/lugar de almacenamento, protección da auga, licenza para o uso de produtos específicos etc.), axustándose ás esixencias do Programa Nacional de Control Oficial da Hixiene da Produción Primaria Agrícola e do Uso de Produtos Fitosanitarios.

Cultivos herbáceos

1. Nas parcelas agrícolas de secano que se sementen con cultivos herbáceos de inverno, non se pode labrar con volteo do chan entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de setembro.
2. Non se labrará con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media sexa maior ou igual ao 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou bancais.

Cultivos leñosos

1. Non se labrará con volteo a favor da pendente da terra en recintos con pendentes iguais ou superiores ao 15 %, salvo que a

pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou bancais, se adopten formas especiais de cultivo como o cultivo en faixas, se practique laboreo mínimo ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. En caso de existencia de bancais, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes.

2. En pendentes igual ou superior ao 15 %, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou bancais, manterase unha cuberta vexetal de anchura mínima de 1 m nas rúas transversais á liña de máxima pendente ou nas rúas paralelas á devandita liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento na outra dirección.
3. Non se pode arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15 % (salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou bancais), agás que sexa obxecto de reposición autorizada.

Explotacións situadas en zona declarada pola súa comunidade autónoma como vulnerable á contaminación por nitratos

O agricultor ou gandeiro deberá cumprir as medidas establecidas no programa de actuación para as devanditas zonas. ►►

Anticipa tu PAC

Toda nuestra experiencia, es tuya

En el Santander llevamos más de 30 años ayudando a ganaderos y agricultores en su negocio. Nuestros especialistas te ayudarán a gestionar, de forma fácil y rápida, tu anticipo de la PAC.

**Domicilia y anticipa tu PAC
en tu oficina más cercana.**

PAC'19

Solicita **el anticipo de tu PAC¹** de la forma más fácil.
Y llévate este **Chaleco²** solo por anticipar un mínimo de 2.000€.



1. Operación sujeta a previa aprobación por parte del banco. Consulta condiciones en tu oficina o en bancosantander.es
2. Oferta válida hasta el 30.12.2019 o hasta agotar unidades disponibles (8.000 unidades), una unidad por cada NIF/CIF. La promoción no incluye retribución en efectivo. Retribución en especie a efectos fiscales y sujeta a ingreso a cuenta según normativa fiscal vigente. En caso de incidencia se sustituirá por uno de igual o mayor importe.

 **Santander Agro**

► TOMARANSE PRECAUCIÓNS Á
HORA DE INTRODUCIR NOVOS
ANIMAIS PARA PREVIR [...] ENFERMIDADES CONTAXIOSAS

Explotacións situadas na zona Rede Natura 2000

1. Nas explotacións situadas en zonas afectadas por Plans de recuperación e conservación de especies ameazadas, cumprírase o establecido nestes sobre uso ilegal de substancias tóxicas, a electrocución etc.
2. Se na explotación se realizou unha actuación, xa sexa plan, programa ou proxecto, que requira o sometemento, segundo normativa nacional e/ou rexional de aplicación, a avaliación ambiental estratéxica ou avaliación de impacto ambiental, dispoñerase do correspondente certificado de non afección a Natura 2000, a declaración de impacto ambiental, e cantos documentos sexan preceptivos nos devanditos procedementos. Así mesmo, no seu caso, executaranse as medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias indicadas polo órgano ambiental.

Explotacións nas que se obteñen produtos destinados á alimentación

1. Os produtos da explotación destinados a ser comercializados como alimentos serán seguros, sen signos visibles de estar putrefactos, deteriorados, descompostos ou contaminados. Non existen nin se lles dá aos animais pensos que non sexan seguros, procedan de establecementos rexistrados e/ou autorizados de acordo co Regulamento (CE) n.º 1831/2003 e respéctanse as indicacións da etiquetaxe.
2. Tomaranse precaucións ao introducir novos animais para previr a introdución e propagación de enfermidades contaxiosas transmisibles aos seres humanos a través dos alimentos, e en caso de sospeita de focos destas enfermidades, comunícase á autoridade competente.
3. Almacenaranse e manexaranse os residuos, os cadáveres e as substancias perigosas por separado e de forma segura para evitar a contaminación.
4. Utilizaranse correctamente os aditivos para pensos, os medicamentos veterinarios e os biocidas (utilizaranse produtos

autorizados e respectarase a etiquetaxe e as receitas).

5. Almacenaranse adecuadamente os pensos separados doutros produtos non destinados á alimentación animal (químicos ou doutra natureza).
6. Os pensos medicados e os non medicados almacenaranse e manipularanse de forma que se reduza o risco de contaminación cruzada ou de alimentación de animais con pensos non destinados aos mesmos.
7. Dispoñerase dos rexistros relativos a entradas e saídas de pensos e outros produtos utilizados na alimentación animal, rexistro de tratamentos veterinarios (manterase 5 anos), de enfermidades que poidan afectar á seguridade dos produtos de orixe animal, de resultados de todas as análises pertinentes efectuados en plantas, animais ou outras mostras que teñan importancia para a saúde humana, do uso de sementes modificadas xeneticamente, uso de fitosanitarios e biocidas. Será posible identificar os operadores de estes produtos ou animais (caderno harmonizado MAPA/comunidades autónomas ou similar).
8. En caso de considerar o agricultor que os alimentos ou pensos producidos poden ser nocivos para a saúde das persoas ou non cumprir cos requisitos de inocuidade, informará ao seguinte operador da cadea comercial para proceder á súa retirada do mercado e ás autoridades competentes, colaborando con elas.
9. Non se lles administrará aos animais da explotación substancias de uso restrinxido que teñan acción tirostática, estroxénica, androxénica ou xestaxénica (acción hormonal ou tirostática) e beta-agonistas, salvo as excepcións recollidas na normativa. Non se comercializarán animais (nin os seus produtos derivados) aos que se lles administraron estas substancias, ata que transcorrese o prazo mínimo de espera establecido para a substancia administrada.
10. Non se dispoñerá de medicamentos para uso veterinario que con-



Cada animal da granxa ten un documento de identificación bovina (DIB)

teñan beta-agonistas que poidan utilizarse para inducir a tocólise.

11. En caso de administración de produtos autorizados, respectarase o prazo de espera prescrito para os devanditos produtos, para comercializar os animais ou a súa carne.
12. Tanto nas explotacións de ruminantes como nas explotacións doutros animais produtores de alimentos distintos dos ruminantes non se utilizarán produtos que conteñan proteínas animais transformadas procedentes de animais terrestres nin de peixe, nin produtos derivados de subprodutos de orixe animal (categorías 1, 2, 3), coas excepcións previstas na regulamentación correspondente.
13. Nas explotacións mixtas nas que coexistan especies de ruminantes e non ruminantes e se utilicen pensos con proteínas animais transformadas destinados á alimentación de non ruminantes, existirá separación física dos lugares de almacenamento dos pensos destinados a uns e a outros.
14. Notificaráselle á autoridade competente a sospeita de casos de encefalopatía esponxiforme transmissible e cumpriranse as restricións que sexan necesarias. O gandeiro dispoñerá da documentación precisa para acreditar os movementos e o cumprimento da resolución que expida a autoridade competente, cando esta sospeite ou confirme a presenza dunha encefalopatía esponxiforme transmissible na explotación. O gandeiro non poñerá en circulación animais sospeitosos ata que

non se levante a sospeita pola autoridade competente.

Explotacións con produción de leite

1. As explotacións estarán cualificadas como oficialmente indemnes para brucelose ovina, caprina e bovina, oficialmente indemnes de tuberculose bovina e de caprinos mantidos con bovinos. Nas explotacións non cualificadas, deberán dispoñer de resultados negativos ás probas oficiais de diagnóstico dos programas de erradicación e o leite tratarase termicamente. No caso de ovinos e caprinos, o leite someterase a tratamento térmico ou será usado para fabricar queixos con períodos de maduración superiores a 2 meses.
2. O leite será tratado termicamente se procede de femias distintas do vacún, ovino e caprino, susceptibles de padecer estas enfermidades, que desen negativo nas probas oficiais, pero en cuxo rabaño se detectou a presenza da enfermidade.
3. En explotacións nas que se diagnosticou tuberculose bovina (ou do caprino mantido con bovinos) ou brucelose bovina ou do ovino-caprino, para os efectos do control oficial por parte da Administración, o produtor dispoñerá e utilizará un sistema para separar o leite dos animais positivos dos negativos e non destinará o leite dos positivos a consumo humano.
4. Os animais infectados polas enfermidades citadas nos pun-

tos anteriores estarán correctamente illados, para evitar un efecto negativo no leite dos demais animais.

5. Os lugares destinados ao almacenamento do leite estarán protexidos contra as alimañas, claramente separados dos locais nos que están estabulados os animais e dispoñerán dun equipo de refrixeración adecuado, para cumprir as esixencias de temperatura. Estarán situados e construídos de forma que se limite o risco de contaminación.
6. As superficies dos equipos que están en contacto co leite (utensilios, recipientes, cisternas etc.), destinadas ao muxido e á recollida, serán fáciles de limpar, de desinfectar e manteranse en bo estado. Tras utilizarse, as citadas superficies limparanse e, en caso necesario, desinfectáranse. Os materiais deben ser lisos, lavables e non tóxicos. Estarán situados e construídos de forma que se limite o risco de contaminación.
7. O muxido realizarase a partir de animais en bo estado de saúde e de maneira hixiénica. En particular: antes de comezar, os tetos, os ubres e as partes contiguas estarán limpas e sen feridas nin inflamacións. Os animais sometidos a tratamento veterinario que poidan transmitir residuos ao leite estarán claramente identificados. Os que se atopan en período de supresión serán muxidos por separado. O leite obtido destes animais estará separado do resto, sen mesturarse en ningún momento, e non se destinará ao consumo humano.
8. Inmediatamente despois do muxido, o leite conservarase nun lugar limpo, deseñado e equipado para evitar a contaminación, e arrefriarase inmediatamente a unha temperatura non superior a 8° C se é recollida diariamente e non superior a 6° C se a recollida non é diaria. No caso de que o leite vaia ser procesado nas 2 horas seguintes ou de que por razóns técnicas para a fabricación de determinados produtos lácteos sexa necesario aplicar unha temperatura máis alta, non é preciso cumprir as esixencias de temperatura.

Explotacións con produción de ovos

1. Nas instalacións do produtor os ovos manteranse limpos, secos, libres de cheiros estraños e protexidos contra golpes e radiación directa do sol.

Explotacións de gando porcino

1. O gandeiro debe estar rexistrado no REGA de forma correcta como titular de explotación porcina debidamente clasificada, debe manter actualizado o libro de rexistro da explotación, conservándoo durante polo menos tres anos unha vez rematado e debe conservar a documentación de orixe, identificación e destino dos animais que posúe, transportase, comercialízase ou sacrificase.
2. Os animais deben estar identificados como establece a normativa.
3. As porcas non estarán atadas.
4. Nos leitóns destetados e porcos de produción a densidade de cría en grupo será adecuada: 0,15 m² (ata 10 kg), 0,20 m² (entre 10-20 kg), 0,30 m² (entre 20-30 kg), 0,40 m² (entre 30-50 kg), 0,55 m² (entre 50-85 kg), 0,65 m² (entre 85-110 kg), 1,00 m² (máis de 110 kg).
5. Os locais de estabulación para os porcos construíranse da seguinte forma:
 - Os chans serán lisos, pero non esvaradíos, para evitarlles danos ou sufrimento aos porcos. Serán adecuados ao tamaño e ao peso destes e, se non se equipan con leitós de palla, formarán unha superficie ríxida, plana e estable.
 - Os animais poderán ter acceso a unha área de repouso, confortable dende o punto de vista físico e térmico, adecuadamente drenada e limpa, que permita que todos os animais se poidan deitar ao mesmo tempo.
 - Os animais poderán ver outros porcos, coa excepción das porcas que poden estar fóra da vista doutros porcos durante unha semana antes da data prevista de parto e durante o parto.
 - As celas de verróns estarán situadas e construídas de forma que poidan virarse, oír, cheirar e ver os demais porcos; a superficie de chan libre será igual ou superior a 6 m² (se os recintos tamén se utilizan para a cubrición, que a superficie mínima é de 10 m²).
6. A superficie de chan dispoñible para cada porca, ou cada porca nova despois da cubrición, criada en grupo, será polo menos 1,64 m²/porca nova e 2,25 m² por porca despois da cubrición (en grupos inferiores a seis individuos, a superficie de chan incrementarase polo menos nun 10 % e, cando os animais se críen en grupos de 40 individuos ou máis, pode diminuírse nun 10 %).
7. Nas porcas e porcas novas durante o período comprendido entre as catro semanas seguintes á cubrición e os sete días anteriores á data prevista de parto os lados do recinto superarán os 2,8 m no caso de que se manteñan en grupos, ou os 2,4 m cando os grupos sexan inferiores a seis individuos, e en explotacións de menos de 10 porcas e mantidas illadas, poderán virarse no recinto.
8. Detrás das porcas ou das porcas novas, deberá acondicionarse un espazo libre para permitir un parto de forma natural ou asistido. As celas de parto nas que as porcas podan moverse libremente deberán contar con dispositivos de protección dos leitóns, como barreiros. Cando se utilice unha parideira, os leitóns deberán dispoñer de espazo suficiente para poder ser aleitados sen dificultade.
9. Nas porcas novas despois da cubrición e porcas xestantes, criadas en grupo: da superficie total, o chan continuo compacto ofrecerá polo menos 0,95 m²/porca nova e 1,3 m²/porca, e as aberturas de evacuación ocuparán, como máximo, o 15 % da superficie do chan continuo compacto.
10. Nos porcos criados en grupo: cando se utilicen chans de formigón engrellados, a anchura das aberturas será adecuada á fase produtiva dos animais (non superará para leitóns 11 mm; para leitóns destetados, 14 mm; para porcos de produción, 18 mm; para porcas e porcas novas despois da cubrición, 20 mm), e a anchura das viguetas será adecuada ao peso e tamaño dos animais (un mínimo de 50 mm para leitóns e leitóns destetados e 80 mm para porcos de produción, porcas e porcas novas despois da cubrición).
11. Cando os animais se manteñan temporalmente en recintos individuais (enfermos ou agresivos), deberán poder virarse facilmente (agás que haxa unha instrución do veterinario en contra).
12. As porcas e porcas novas mantidas en grupos alimentaranse mediante un sistema que garanta que cada animal poida comer suficientemente, aínda en presenza doutros animais que compitan pola comida. As porcas novas, porcas posdesteta e porcas xestantes recibirán unha cantidade suficiente de alimentos ricos en fibra e con elevado contido enerxético.
13. O ruído continuo no recinto de aloxamento non superará os 85 dB.
14. Os animais dispoñerán de, polo menos, 8 horas diarias de luz cunha intensidade mínima de 40 lux.
15. Os animais dispoñerán de acceso permanente a materiais que permitan o desenvolvemento de actividades de investigación e manipulación (palla, madeira, serraduras ou outro material apropiado).



O gandeiro debe estar rexistrado no REGA como titular de explotación porcina

NUEVA GAMA

Nº1
EN VENTAS

RATIBROM®


ALTA
CALIDAD
FABRICADO
EN ESPAÑA



PROTECCIÓN EN EQUIPO CONTRA RATAS Y RATONES



CEBO FRESCO



CEREALES



PARAFINA



PELLET

ALTA APETENCIA

Elaborados con ingredientes de alta calidad y la mayor apetencia del mercado (97%)

GAMA VERSÁTIL

Permite manejar diferentes alternativas según las necesidades de tratamiento o las condiciones ambientales

LARGA DURACIÓN

Resisten largo tiempo en el entorno con su capacidad de atracción intacta



 **impex** EUROPA S.L.

Avda. de Pontevedra, 39 - 36600
VILLAGARCÍA (PONTEVEDRA)
Tfno.: 986 501 371 - FAX: 986 506 916
www.impexeuropa.es

16. Todos os porcos serán alimentados, polo menos, unha vez ao día no caso de alimentación en grupo, terán acceso simultáneo aos alimentos. Todos os porcos de máis de dúas semanas terán acceso permanente a unha cantidade suficiente de auga fresca.
17. Acreditarase que antes de efectuar a redución de dentes foron adoptadas medidas para corrixi- r as condicións ambientais ou os sistemas de xestión e evitar que os porcos se mordan o rabo ou outras condutas irregulares. No caso dos leitóns, a redución de dentes non se efectuará de forma rutineira senón unicamente cando existan probas de que se produciron lesións dos tetos das porcas, as orellas ou rabos doutros porcos. Realízase antes do 7.º día de vida por un veterinario ou persoal debidamente formado e en condicións hixiénicas.
18. Acreditarase que antes de efectuar o raboteo adoptáronse medidas para corrixi- r as condicións ambientais ou os sistemas de xestión e evitar que os porcos se mordan o rabo ou outras condutas irregulares. O raboteo non se efectuará de forma rutineira. Se se realiza nos sete primeiros días de vida, farao un veterinario ou outra persoa debidamente formada e en condicións hixiénicas. Tras ese lapso de tempo, só pode realizala un veterinario con anestesia e analgesia prolongada.
19. A castración dos machos efectuarase por medios que non sexan de desgarramento de tecidos, por un veterinario ou persoa debidamente formada, en condicións hixiénicas e, se se realiza tras o 7.º día de vida, levaraa a cabo un veterinario con anestesia e analgesia prolongada.
20. En caso necesario as porcas xestantes e porcas novas serán tratadas contra os parasitos internos e externos (comprobarase mediante as anotacións dos tratamentos no libro de tratamentos da explotación).
21. Os leitóns serán destetados con catro semanas ou máis de idade. Se son trasladados a instalacións



Os xatos deben comer, polo menos, dúas veces ao día

adecuadas, poden ser destetados sete días antes.

Explotacións de gando ovino ou caprino

1. Os animais estarán identificados segundo establece a normativa.
2. Os rexistros da explotación, que se deberán conservar durante polo menos tres anos, estarán correctamente cubertos e os datos serán acordados cos animais presentes na explotación.
3. O gandeiro deberá conservar a documentación relativa á orixe, identificación e destino dos animais que posúe, transportado, comercializado ou sacrificado nos últimos tres anos.

Explotacións de bovino

1. Os animais bovinos estarán identificados individualmente segundo establece a normativa.
2. O libro ou rexistros da explotación está correctamente cuberto e os datos de rexistro individual dos animais son acordados cos animais presentes na explotación e consérvanse, polo menos, durante 3 anos.
3. O gandeiro comunicou en prazo a base de datos de identificación e o rexistro os nacementos, movementos e mortes.
4. Cada animal da explotación ten un documento de identificación bovina (DIB).

Explotacións con xatos de menos de 6 meses

1. Non se manterá pechado ningún xato de máis de oito semanas de idade en recintos individuais, a menos que un veterinario certifique que a súa saúde ou o comportamento require que se lle ille para que poida recibir un tratamento, que a explotación manteña menos de 6 xatos ou que os animais sexan

mantidos coa súa nai para ser aleitados.

2. Os xatos manteranse en recintos para grupos ou, cando non sexa posible, de acordo coa obriga anterior, en recintos individuais que cumpran as dimensións mínimas (non se aplica a explotacións de menos de 6 xatos nin a animais que son mantidos coa súa nai para ser aleitados):

- Aloxamentos individuais para xatos: anchura polo menos igual á altura do animal á cruz estando de pé, e a súa lonxitude polo menos igual á lonxitude do xato medida desde a punta do nariz ata o extremo caudal do isquion e multiplicada por 1,1.
- Aloxamentos individuais para animais non enfermos: deben ser de tabiques perforados que permitan contacto visual e táctil directo entre xatos.
- Espazo mínimo adecuado na cría en grupo: 1,5 m² (menos de 150 kg), 1,7 m² (menos de 220 kg e ata 150 kg de peso en vivo), 1,8 m² (igual ou máis de 220 kg).

3. Os animais serán inspeccionados como mínimo unha vez ao día (os estabulados dúas veces ao día).
4. Os cortellos estarán construídos de tal maneira que todos os xatos se poidan deitar, descansar, erguer e limpar sen perigo.
5. Non se atará aos xatos (con excepción dos aloxados en grupo, que poden ser atados durante períodos de non máis dunha hora no momento da lactación ou da toma do produto substitutivo do leite). Se se ata os xatos (no caso exceptuado), as ataduras non deberán causar feridas ou estrangulamento.
6. Os materiais que se utilizan para a construción dos cortellos e equipos cos que os animais poidan estar en contacto non serán prexudiciais para os animais e poderanse limpar e desinfectar a fondo para previr infeccións cruzadas e a aparición de organismos patóxenos. As feces, os ouriños e os alimentos non consumidos retiraranse coa maior frecuencia posible para evitar os cheiros e a posibilidade de moscas ou roedores.
7. Os chans non serán esvaradíos, non presentarán asperezas e as

áreas para deitarse os animais estarán adecuadamente drenadas e serán confortables. Os xatos de menos de dúas semanas dispoñerán de leite adecuado.

8. Dispoñeráse de luz natural ou artificial entre as 9 e as 17 horas. Os sistemas eléctricos están instalados de modo que se evite calquera descarga.
9. Os xatos recibirán, polo menos, dúas racións diarias de alimento e cada xato debe ter acceso ao alimento ao mesmo tempo que os demais, cando os xatos están aloxados en grupo e non son alimentados a vontade por un sistema automático. A alimentación dos xatos conterá o ferro suficiente para garantir-lles un nivel medio de hemoglobina de polo menos 4,5 mmol/litro.
10. Os xatos de máis de dúas semanas de idade terán acceso a auga fresca adecuada, distribuída en cantidades suficientes, ou poderán saciar a súa necesidade de líquidos mediante a inxestión doutras bebidas. Proporcionarase unha ración diaria mínima de fibra, e aumentarase a cantidade de 50 g a 250 g diarios para os de 8 a 20 semanas de idade. Cando vaia calor ou os xatos estean enfermos dispoñerán de auga apta en todo momento.
11. Os xatos recibirán o costro tan pronto como sexa posible tras o nacemento, e en todo caso nas primeiras seis horas de vida.
12. Non se lles poñerá bozo aos xatos.

Benestar en explotacións gandeiras en xeral (para todas as especies)

1. Os animais estarán coidados por un número suficiente de persoal con capacidade, coñecementos e com-

petencia profesional. Os animais cuxo benestar esixe unha atención frecuente serán inspeccionados unha vez ao día, como mínimo.

2. Todo animal que pareza enfermo ou ferido recibirá inmediatamente o tratamento adecuado, consultando ao veterinario se é preciso. En caso necesario, dispoñeráse dun local para o illamento dos animais enfermos ou feridos, que conte cun leite seco e cómodo.
3. O gandeiro rexistrará os animais atopados mortos en cada inspección no apartado de baixas do libro de rexistro da explotación e este rexistro manterase tres anos como mínimo.
4. Os materiais de construción cos que contactan os animais deberán limparse e desinfectarse a fondo, non lles causarán prexuízo, polo que non presentarán bordos afiados nin saíntes que poidan causar feridas, e os animais manteranse de forma que non sufran danos.
5. As condicións ambientais dos edificios (ventilación, nivel de po, temperatura, humidade relativa do aire e concentración de gases) non serán prexudiciais para os animais.
6. Os animais non se manterán en escuridade permanente, nin estarán expostos á luz artificial sen unha interrupción adecuada, a iluminación coa que contén satisfacerá as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas e dispoñeráse da iluminación adecuada (fixa ou móbil) para poder inspeccionalos en calquera momento.
7. Na medida en que sexa necesario e posible, o gando mantido ao aire libre protexeráse contra as inclemencias do tempo, os depredadores e o risco de enfermidades.
8. Todos os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para

a saúde e o benestar animal (alimentación, bebida, ventilación) serán inspeccionados, polo menos, unha vez ao día.

9. Cando a saúde e o benestar dos animais dependan dun sistema de ventilación artificial, estará previsto un sistema de emerxencia apropiado, que garanta unha renovación do aire suficiente en caso de fallo do sistema, así como un sistema de alarma para o caso de avaría que se verifique regularmente que o seu funcionamento é o correcto.
10. Os animais recibirán unha alimentación sa, adecuada á súa idade e especie e en cantidade suficiente, e non se lles dará aos animais alimentos ou líquidos que lles ocasionen dano ou sufrimento.
11. Todos os animais terán acceso ao alimento e auga en intervalos adecuados ás súas necesidades, e terán acceso a unha cantidade suficiente de auga de calidade adecuada ou poderán satisfacer a súa inxestión líquida por outros medios.
12. Os equipos de subministración de alimentos e auga estarán concibidos e situados de forma que se reduza a súa contaminación, a competencia entre animais reducirase ao mínimo.
13. Non se manterá ningún animal na explotación con fins gandeiros que lle poidan carrexar consecuencias prexudiciais para o seu benestar, nin se utilizarán procedementos de cría, naturais ou artificiais, que ocasionen ou poidan ocasionar sufrimentos ou feridas. Os animais non terán limitada a capacidade de movemento, de maneira que se lles evite sufrimento ou dano innecesario, e se, por algunha causa xustificada, ►►



**CAIXA RURAL
GALEGA**

A nosa Caixa
www.caixaruralgalega.gal

hai algún animal atado, encadeado ou retido, continua ou regularmente, proporcionaráselle espazo suficiente para as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

14. Cumprírase a normativa vixente en materia de mutilacións e non se lle administrará a ningún animal ningunha outra substancia, fóra das administradas con fins terapéuticos ou profilácticos ou para o tratamento zootécnico tal como se define na letra c) do apartado 2 do artigo 1 da Directiva 96/22/CE, a menos que os estudos científicos de benestar animal ou a experiencia adquirida demostren que a substancia non resulta prexudicial para a saúde ou para o benestar do animal.



CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DA CONDICIONALIDADE

Se o incumprimento é o resultado dunha acción ou omisión directamente imputable ao agricultor que presentou a solicitude de axuda ou a solicitude de pago e está relacionado coa actividade agraria do beneficiario e/ou afecta á superficie da súa explotación, impoñeráselle unha penalización.

Para o caso dos beneficiarios da axuda á reestruturación e á reconversión do viñado, aplicarase cando se produciu o incumprimento en calquera momento durante un período de tres anos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao ano natural no que se produciu o primeiro pago.

Non se lles aplicará a penalización ás zonas forestais se non foi solicitada para a superficie en cuestión algunha das axudas seguintes:

- reforestación e creación de superficies forestais
- pagos ao amparo de Natura 2000 e da Directiva Marco da Auga
- servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques.

Que ocorre en caso de transferencia da explotación?

Nos casos en que a terra se transfira durante o/os ano/s natural/is de que se trate, a penalización tamén será aplicable cando o incumprimento en cuestión se poida atribuír directamente á persoa a quen se transferiu a terra de cultivo ou que a transferiu.

Non obstante o anterior, se a persoa á que se lle pode atribuír directamente o incumprimento presentou unha solicitude de axuda ou unha solicitude de pago no/os ano/s natural/is citado/s, a

penalización aplicaráselles aos importes totais dos pagos (directos, do sector vitivinícola e primas anuais), concedidos ou por concederlle á devandita persoa.

En que consiste a penalización por condicionalidade?

A penalización aplicarase mediante a redución ou exclusión do importe total dos pagos que se concederon ou vaian concederse ao devandito agricultor como consecuencia das solicitudes de axuda ou as solicitudes de pagamento que presentase ou vaia a presentar no transcurso do ano en que se descubriu o caso de incumprimento, e/ou respecto de solicitudes ao amparo dos réximes de axuda no sector vitivinícola (reestruturación e reconversión do viñado). Neste último caso, o importe correspondente divídase por tres.

A penalización por condicionalidade consiste nunha redución ou exclusión das axudas. A regra xeral no caso de incumprimento debido a unha negligencia, é aplicar unha porcentaxe de redución do 3 % dos importes correspondentes, aínda que en función das características do incumprimento en cuestión, esta porcentaxe poderíase reducir ao 1 % ou aumentar ao 5 %.

En caso de incumprimento reiterado, a porcentaxe de redución non poderá exceder do 15 %, e en caso de incumprimento deliberado, a porcentaxe de redución non poderá ser, en principio, inferior ao 20 %, pero en función das características do incumprimento poderá chegar a supoñer a exclusión total dun ou varios

réximes de axuda e aplicarse durante un ou varios anos civís.

CONTROIS ADMINISTRATIVOS

As comunidades autónomas poderán efectuar controis administrativos, en particular os que xa se establezan nos sistemas de control, aplicables ao requisito, norma, acto ou ámbito de aplicación da condicionalidade respectivo, tal e como establece o artigo 96 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013.

CONTROIS SOBRE TERREO

Con respecto aos requisitos ou ás normas dos que é responsable, o organismo especializado de control efectuará controis sobre o terreo polo menos do 1 % dos solicitantes, dentro do universo correspondente ao ámbito de aplicación tratado anteriormente.

Incremento dos controis

No caso de que os controis sobre o terreo correspondentes a un determinado ano (n), poñan de manifesto a existencia dun importante grao de incumprimento nun determinado Requisito legal de xestión/boas condicións agrarias e medioambientais, no período de control seguinte (n+1), incrementarase o número de controis sobre o terreo que hai que realizar para devandito RLX/BCAM, tal e como establece o artigo 68.4 do Regulamento de Execución (UE) n.º 809/2014. En relación cos RLX/BCAM específicos, o organismo especializado de control limitará o alcance dos controis sobre o terreo adicionais aos requisitos/normas infrinxidos con maior frecuencia. ■